

Masaccio (1401-1428). O tributo da moeda

1. Clasificación

Nome: O tributo da moeda

Autor: Masaccio

Cronoloxía da obra: 1425

Estilo: pintura renacentista do Quattrocento

Técnica: fresco sobre parede

Localización: Florencia, capela Brancacci

2. Contexto histórico-artístico

Vale o contexto xeral do Quattrocento

Características Xerais da etapa. Período de Transición con elementos do Gótico.

Antecedentes: Trecento italiano. Técnicas: pintura ao fresco e temple sobre táboa. Óleo na segunda metade do XV. Temática: ampliouse a temas mitolóxicos, alegóricos e históricos. Importancia do retrato Preocupación por lograr o dominio da perspectiva, do volume, da iluminación máis natural e da representación do corpo humano

Breve biografía de **Masaccio**: é considerado o fundador da pintura moderna, xa que tecnicamente é o primeiro artista que constrúe coa cor, preocupándose do volume e os efectos tridimensionais. Desde as súas primeiras obras advírtense unha serie de características que xa presaxian a súa capacidade de renovar radicalmente as maneiras góticas.

Principais obras: frescos para a capela Brancacci na igrexa do Carmine de Florencia. Fresco *A Trindade* (páx. 215 do libro) para a igrexa de Santa M^a Novella de Florencia.

3. Análise e comentario

Localización da obra: escena que forma parte dun conxunto de 12 espazos pintados ao fresco, a xeito de cadros trasladados ao muro, enmarcados por piares clásicos con capiteis corintios pintados.

Contido iconográfico: o fresco enmarcado por cenefas representa unha escena do Novo Testamento, neste episodio da vida de S. Pedro, represéntase no mesmo escenario tres accións que suceden en tempos distintos, rompendo co precepto clásico de unidade de acción: (1º) o recadador de impostos (personaxe con traxe curto) reclama o pago, Xesús indica a Pedro que (2º) pesque un peixe e na súa boca atopará unha moeda e finalmente (3º), Pedro paga o imposto.

Composición: simple e complexa á vez, logra unha total integración entre figuras e paisaxe, relacionadas nunha unidade de perspectiva. A figura de Cristo, cuxa cabeza está no centro da composición, no punto de fuga, establece unha referencia que crea un punto de acción aparentemente único que determina os xestos, actitudes e a tensión dos diferentes personaxes que forman parte do relato.

Consigue dar profundidade ao cadro, mediante varios procedementos:

1. Os principios da perspectiva xeométrica, apoiada na escenografía proporcionada polos elementos arquitectónicos e paisaxísticos.
2. As variacións da cor: predominio da paleta cálida nos primeiros planos e cores frías para a paisaxe de lonxe.
3. O progresivo desenfoque e imprecisión dos contornos, paralelo á diminución da escala das figuras.

Renacemento. Quattrocento

4. A utilización dos escorzos para reforzar a idea de profundidade.

5. A superposición de planos

Tratamento da **luz**, que incide sobre as figuras modelándooas e realzando os volumes, dunha monumentalidade e solemnidade clásica.

Cor: as cores propias da pintura ao fresco caracterízanse por estar un tanto esvaecidas debido a que os pigmentos deben disolverse en auga de cal, o que lle dá un acabado no que as cores se suavizan. Predominan as cores cálidas acorde coa tensión da escena representada

Rasgos de estilo:

1. Desaparición dos fondos dourados.
2. Ausencia de paisaxes fantásticas e de roupaxes exóticas.
3. Desaparece tamén o debuxo minucioso, en beneficio dunha volumetría construída, non pola liña, senón pola cor e a luz.
4. Recuperación dos valores de monumentalidade, ordenación compositiva e expresividade psicolóxica dos rostros e miradas propias de Giotto.
5. Resulta evidente a inspiración baseada na escultura antiga, utilizándooa como modelo e referencia imprescindible para crear unha obra de carácter clasicista.

IMAXES

